XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE LUGO PRESIDENCIA

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON E PÉNTATLON MODERNO
(Santiago de Compostela, 18/10/2017)

Asisten: Óscar J. Suris Regueiro (Presidente), José Angel Fernández Martinez (A.D. Fefeme Triatlón do Miño), Gustavo Álvarez Nogueira (A.D. Fogar), José Luis Méndez Ruiz (A.D. Tri-Penta Terras de Lugo), Adrián Vázquez Fernández (Cidade de Lugo Fluvial), Arturo López Lago (C.T. Coruña), José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol), Juán Antonio Gómez Álvarez (C.T. Mar de Vigo), Óscar Fernández González (Club Triatlón Santiago), José Manuel Iglesias (Dexter Triatlon Compostela), Román Rebanal Alfalla (Triatlón Motobike Pontevedra), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas), Ricardo Rey Martínez (Deportistas), Jaime Ruiz del Ganso (Técnicos), Mónica Flores Ferreiro (Oficiais), Miguel Alejandro Fernández Vázquez (Organizadores); Enrique Hidalgo Lugo, Luis Piña Refojos, Santiago Escudero Pereira, Rogelio Ferreira Sánchez e Ánxeles Otero Trigo.

Ábrese a sesión ás 20:30 horas

Antes de comezar os temas da orde do día, o Presidente da a benvida a todos os presentes e solicita a Mónica Flores a súa incorporación á mesa da Presidencia para a exposición das probas presentadas á Federación polos Clubs/Organizadores para a vindeira tempada 2018.

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea anterior.

A acta foi enviada a todos os membros da Asemblea polo que se decide que non é precisa a súa lectura.
Apróbase por unanimidade.

2. Calendario 2018:

Mónica Flores expón a relación de probas que foron solicitadas á Federación para a tempada 2018. Acórdase ir aprobando as mesmas por circuitos:

**Probas Acuatlón**: II Acuatlón Concello de Poio (08/09/2018) e V Acuatlón de menores Desafío Pastor Islas Cíes (22/09/2018).
Aprobado por unanimidade.

**Circuito Duatlón Cross:** Beariz (20/01/2018), Maside (28/01/2018) e Samieira-Poio (Cto. Galego, 04/02/2018) .
Aprobado por unanimidade.

**Circuito Duatlón Estrada:** presentáronse 7 probas en total nesta modalidade. 6 delas a Circuito e 1 a Cto. Galego.
A regulamentación vixente ata o momento só permite un máximo de 5 probas por circuito (Circuito de Duatlón Estrada e Circuito de Triatlon). Como temos 6 probas que solicitan ser proba de Circuito, proponse a ampliación do número de probas que o conforman a 6.
Procédese á votación:
Votos a favor: 0
Votos en contra: 15 //Óscar J. Suris Regueiro (Presidente), José Angel Fernández Martínez (A.D. Fefeme Triatlón do Miño), Gustavo Álvarez Nogueira (A.D. Fogar), José Luis Méndez Ruiz (A.D. Tri-

Penta Terras de Lugo), Adrián Vázquez Fernández (Cidade de Lugo Fluvial), Arturo López Lago (C.T. Coruña), José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol), Juán Antonio Gómez Álvarez (C.T. Mar de Vigo), Óscar Fernández González (Club Triatlón Santiago), José Manuel Iglesias (Dexter Triatlon Compostela), Román Rebanal Alfalla (Triatlón Motobike Pontevedra), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas), Ricardo Rey Martínez (Deportistas), Jaime Ruiz del Ganso (Técnicos), Miguel Alejandro Fernández Vázquez (Organizadores) //.
Abstencións: 1 (Mónica Flores).
Non se aproba a proposta, polo que os Circuítos quedan conformados como estaban ata o momento (5 probas).

José Antonio Formoso solicita que a proba do Duatlón de Narón non sexa aprobada como Campionato Galego de Duatlón.
Lévase a votación que a proba Duatlón de Narón (14/04/2018) sexa o Campionato Galego de Duatlon Estrada tal como solicitan:
Votos a favor: 10
Votos en contra: 2 (José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas)
Abstencións: 4

Queda aprobado o Duatlón de Narón (14/04/2018) como Campionato Galego de Duatlon Estrada 2018.

Aprobado o número de probas que conforman o Circuíto (5 como máximo) é preciso a exclusión de unha delas (como proba de Circuíto). O criterio que se ven utilizando dende sempre é o de "dar prioridade ás máis antigas".
Neste caso a proba menos antiga é o Duatlón Concello de Friol.
Procédese á votación da exclusión da proba Duatlón Concello de Friol:
Votos a favor: 10
Votos en contra: 1 (José Luis Méndez Ruiz (A.D. Tri-Penta Terras de Lugo))
Abstencións: 4

Apróbase a eliminación da proba Duatlón Concello de Friol como proba de Circuíto.

José Luis Méndez (A.D. Tri-Penta Terras de Lugo) comunica que ó quedar fora do Circuíto se elimine do calendario, ó igual que a proba de Duatlón Escolar que estaba prevista para o mesmo día en Friol.

Apróbase o Cto Galego Triatlon Equipos Contrarreloxio de Vilagarcía (13/05/2018).

**Circuíto de Triatlon**: a este Circuíto tamén foron solicitadas 6 probas, polo que tamén é preciso excluír unha delas do mesmo.
As dúas probas que teñen menor antigüidade son II Trishark de Narón e i II Triatlon Desafío Illas Estelas de Nigrán.
Procédese á votación da exclusión da proba II Trishark de Narón:
Votos a favor: 13
Votos en contra: 0
Abstencións: 3

Apróbase a exclusión da proba II Trishark de Narón como proba de Circuíto.

Apróbanse as datas das **probas populares**.

**Confluencias a resolver:**
O 16/09/2018 hai dúas probas solicitadas (II Ocean Lava Galicia Triatlón e III Triatlón Boamorte Bikes sanxenxo), que polas súas características non poden coincidir. Unha vez expostos os informes técnicos de cada unha delas e seguindo o criterio da antigüidade, procédese á votación:

Aceptación na data do 16/09/2018 da celebración da proba III Triatlón Boamorte Bikes Sanxenxo:
Procédese á votación:
Votos a favor: 15
Votos en contra: 0
Abstencións: 1

Queda aprobada a celebración da proba na data indicada e acórdase ofrecer as datas dispoñibles que quedan á organización da proba II Ocean Lava Galicia.

Apróbanse as datas das probas de **Media e Longa Distancia**.

**Probas de Tríatlon de Menores**:
Gustavo Alvarez (A.D. fogar) informa que unha vez falado co Concello de Oleiros deciden retirar a súa proba do calendario.
Acórdase o reparto proporcional da axuda da Federación (6.000,00€) entre as probas do Circuito de Menores e a proba do Cto. Galego de Triatlon de Categorias Menores.
Nesta tempada quedan 4 probas de Circuito (Nigrán, Cedeira, Sada e Ferrol) e o Cto. Galego (Cenlle –Ourense, 29/07/2018).
Aprobado por unanimidade.

**Cto. Galego de Tríatlon por Relevos Mixtos** (Nigrán, 19/05/2018). Aprobado por unanimidade.

*Xúntase anexo de calendario 2018 aprobado.

3. Varios:

a). Respecto ás Probas do Nada e Corre: Luis Piña informa ós presentes que na vindeira tempada 2018, o servizo de ambulancia das probas que conforman esta modalidade, será sufragado pola propia Federación (aprobado en Xunta Directiva do 18/10/2017).

b). Circuito "No Draft 2018": Chegou unha proposta por parte da Federación Portuguesa de Triatlo para a creación dun "Circuito Luso-Galáico No Draft".
As opcións son: mantelo como está ou ben crear un novo formato (para isto é preciso coñecer o nº de probas, tipo de probas que o conformarían, distancias,...).
Acórdase manter o contacto coa Federación Portuguesa para ir perfilando unha proposta, que unha vez pechada sexa enviada a todos os membros da Asemblea para levar á vindeira reunión da mesma.

c). Seguro accidentes deportivos: Ricardo Rey Martínez, expón o caso de Ramón Carnota na proba de Longa Distancia das Pontes. Indicando que o ocurrido non foi cuberto pola aseguradora xa que esta non o considera accidente deportivo. Solicita ver como se pode cubrir este tipo de incidencias nas probas ou ben, ver se é posible facer unha ampliación do seguro concreta para cada proba que o solicite, ou ben no momento da inscrición ter algún tipo de documento que exima ó organizador de posibles reclamacións posteriores.

Acórdase solicitar á Correduría a posibilidade de cobertura (coberturas non traumáticas e custo).
Acórdase solicitar información sobre o tema á Federación Valenciana de Triatlón para ver como xestionan alí os propios asegurados ás súas atencións na Seguridade Social cando non se trata dun accidente deportivo.

d). Xosé Manuel Iglesias (Dexter Triatlón Compostela) expón que a proba do Campionato de España Cadete non debería facerse na data que o puxeron, que estaría mellor en xullo, cando os rapaces xa remataron o curso. En referencia á seguridade nas probas, lembra que no Campionato de España de Val D´Uxo houbo máis de 70 caídas de bicicleta, que non se fai unha clasificación previa polo que o nivel entre os participantes é moi dispar, o que fai que uns teñan mellor control que outros da bicicleta, facendo moi perigosa a carreira.

Acórdase que na vindeira xuntanza de Federacións, o Presidente da FEGATRI, leve as seguintes consideracións de cara á celebración do Campionato de España Cadete: Posible cambio de data da proba e criterio de elaboración dos grupos para a seguridade dos deportistas.

4. Ruegos e preguntas.

José Antonio Formoso solicita que se tomen todas as medidas oportunas necesarias para cobrar as deudas que teñen pendentes os clubs Trinity Triatlón e CC Maceda coa Federación.

Mónica Flores (Oficiais): comenta que dende o colectivo de xuíces foron pasados ó Comité de Disciplina Deportiva da FEGATRI dous casos de deportistas que incurriron en faltas de respecto e incluso, un deles, de acoso hacia os oficiais da Federación. O primerio ocurrido no Triatlon de O Porriño, foi suspendido cautelarmente dende ese día; o segundo na proba de Triatlon MD de Cíes, está en trámite.
Mónica Flores solicita que dende os clubes se promova e se fomente o respecto ó colectivo de oficiais.

Non habendo máis intervencións. Levántase a sesión ás 23:35horas.

Asdo.: Mª de los Ángeles Otero Trigo
Secretaria

Asdo.: Óscar J. Suris Regueiro
Presidente

